

1. Líder

BASKET



Estudiantes cortou en seco o intento de remontada visitante

TRALO 27-14 INICIAL Ourense foi reducindo distancias co 13-18 do segundo cuarto e o 20-22 no terceiro. Un 23-7 no último parcial evitou calquera contratempo inesperado

“Estoy contento por el esfuerzo físico que hicimos en el último cuarto. Ahora tenemos que seguir trabajando duro”

MARCOS LÓPEZ Estudiantes

ESTUDIANTES	P.	CB OURENSE	P.
Xogador	P.	Xogador	P.
Mark	20	López	
Iago	12	Petrou	
Lucas	9	Herbino	
Janusevicius	26	Pardo	
Cabe	9	Martínez	
Ollolqui	3	Ferreiro	
Trabado	4	Febrero	
Diego		Barbosa	
		González	
		López	
		Álvarez	

2

AUSENCIAS Alberto e Luis foron baixa neste encontro. Marcos López agarda recuperar a todos os efectivos para afrontar os dous próximos encontros nos que está máis de media Liga en xogo, xa que os lucenses visitan a Basket Ferrol, cuarto clasificado, antes de recibir a Obradoiro, líder, no Anexo



Janusevicius a punto de lanzar a canastra nun encontro disputado no Anexo

Esixente, pero á vez atractivo e esperado tramo de competición o que afrontará Estudiantes nas próximas dúas xornadas, nas que os de Marcos López xóganse

o título Galego e o pase para o Campionato de España Júnior masculino.

A primeira proba superouse. Ourense exhibiu potencial no Anexo, pero Estudiantes, cun gran

inicio e final de partido, conseguiu a vitoria antes de visitar a Ferrol, cuarto clasificado, e recibir a Obradoiro no partido máis esperado da tempada a condición de que Estu-

diantes gañe a próxima xornada.

Sen ser un partido vistoso, os lucenses apelaron á forza do grupo para impoñerse a un Ourense moi acertado no tiro exte-

rior, anotando ata 9 triplos ao longo do partido con 5 asinados polo xogador franquicia ourensán e con potencial na pintura.

O 27-14 do primeiro cuarto deulle unha

marxe de seguridade a Estudiantes, pero nos dous seguintes parciais Ourense amagou con meterse na loita polo partido.

Aos últimos dez minutos chegou con 60-54 no marcador. Foi entón cando peor se poñían as cousas, cando Estudiantes volveu mostrar a súa mellor versión. En defensa os celestes pecharon filas e cortaron a sangría anotadora de Ourense, deixándoo só en 7 puntos nos dez últimos minutos nos que terminaron enchendo de novo o depósito de moral de cara ás dúas próximas citas nas que Marcos López espera recuperar a todos os xogadores, evitar lesións e estar con todos dispoñibles para asaltar o reto do primeiro posto da Liga Galega Júnior masculina.

CLASIFICACIÓN DE PUNTOS MASCULINO | FEMININO | MIXTO

Puntos JUNIOR MASCULINO			Puntos CADETE MASCULINO			Puntos JUNIOR FEMININO			Puntos CADETE FEMININO			Puntos INFANTIL MIXTO		
Xogador	Equipo	Ptos.	Xogador	Equipo	Ptos.	Xogadora	Equipo	Ptos.	Xogadora	Equipo	Ptos.	Xogador/a	Equipo	Ptos.
JANUSEVICIUS	Estudiantes	457	XOSÉ	CB Viveiro	284	CARMEN	Ensino	234	NATALIA	Ensino	254	PABLO	Sagrado	296
MARK	Estudiantes	334	OLLOQUI	Estudiantes	237	MARINA	Ensino	214	NURIA	Ensino	221	CARLOS	CB Viveiro	273
IAGO	Estudiantes	211	IKER	CB Ribadeo	232	JESSI	CB Ribadeo	196	CLAUDIA	Estudiantes	197	ÁLVARO	Burela 06	245
DANI	Hierros	202	PEDRO	Estudiantes	182	FÁTIMA	CB Ribadeo	149	YASHINA	Estudiantes	193	MIGUEL	Ensino	199
LUIS	Estudiantes	195	MARIO	S. Ciprián	181	LEBOREIRO	Ensino	149	IRENE	CB Ribadeo	177	JULIÁN	Sagrado	197
MARIO	CB Ribadeo	192	JUAN B.	E. Rojo	177	ANA C.	CB Ribadeo	125	MARTA	T. Mariña	176	SAMUEL	Sagrado	194
JULIÁN	Hierros	178	ÁLVARO	Estudiantes	173	MAITE	Ensino	109	IRENE	E. Rojo	143	PABLO	Ensino	186
CABE	Estudiantes	136	CRISTIAN	CB Ribadeo	169	ADRIANA	Ensino 2	100	ANA	CB Viveiro	142	JORGE	CB Ribadeo	180
DIÓBIS	CB Viveiro	119	HUGO	S. Ciprián	169	NATALIA G.	Ensino	99	MARÍA	E. Rojo	141	VÍCTOR	Estu 05	168
JORGE	Estu 2	109	MANU R.	CB Ribadeo	165	NURIA	Ensino	98	MAITE	Ensino	140	SIMÓN	CB Ribadeo	165
DIEGO	Estu 2	109	BRAIS	CB Viveiro	157	KRISTINA	Ensino 2	79	ANDREA	CB Ribadeo	139	LUCAS	CB Ribadeo	163
ADRIÁN	Hierros	101	IAGO	E. Azul	156	NATALIA	Ensino	76	JULIA	CB Ribadeo	108	MARCOS	Burela 05	162
ALBERTO	CB Ribadeo	95	MARIO	Ensino	155	ALEJANDRA	Ensino 2	69	LORENA	Ensino 03	96	ANTÓN	Burela 05	152
JUAN	Hierros	94	JORGE	Estudiantes	149	IRENE	CB Ribadeo	68	ALDARA	CB Ribadeo	92	CAROLINA	Ensino	152
LUCAS	Estudiantes	93	PABLO G.	E. Rojo	135	CARMEN	Ensino 2	63	ENMA	Estudiantes	91	DANI	CB Ribadeo	150
JULIÁN	CB Burela	91	DANI	Sagrado	134	IRIA	Ensino 2	54	CARME	CB Viveiro	90	LUIS	CB Viveiro	145
ÁLEX	CB Burela	90	DANI	Estudiantes	132	PAULA	Ensino 2	48	ELENA	CB Viveiro	88	JULIA	Estudiantes	143
MATEO	CB Viveiro	87	MIGUEL	S. Ciprián	132	SARA	CB Ribadeo	40	SARA	CB Ribadeo	87	HELENA	CB Viveiro	142
MARTÍN	Hierros	87	DIEGO	S. Ciprián	127	LUCÍA	Ensino 2	37	ANY	Ensino	86	DIEGO	Burela 05	130
ADRIÁN P.	CB Ribadeo	76	ÁLEX	Sagrado	123	ZELTIA	Ensino 2	34	MARTA C.	Ensino 03	86	FABIO	Burela 06	130
PIEDRA	Estu 2	73	MANU M.	CB Ribadeo	115	ALDARA	CB Ribadeo	32	LUCÍA	E. Azul	83	ALEJANDRA	Estudiantes	125
DAVID	Hierros	65	SAMUEL	Ensino	111	TANIA	Ensino	25	MERCHE	E. Azul	82	ADRIANA	T. Mariña	124
DAVID	CB Viveiro	64	ANXO	Estudiantes	107	JULIA	CB Ribadeo	18	LARA	Ensino 03	76	SARA	Burela 05	117
XOSÉ	CB Viveiro	61	ELOY	Estudiantes	103	ANDREA	CB Ribadeo	15	MARTA F.	Estudiantes	70	MARCOS	Estu 05	116
DARLING	CB Ribadeo	60	ANDRÉS	E. Azul	100	MARÍA	CB Ribadeo	13	ALEJANDRA	E. Azul	68	NÉSTOR	Sagrado	111
JORGE	Estudiantes	58	LUCAS	E. Azul	99	ANY	Ensino 2	13	SILVIA	Ensino 03	66	CARLOS	Burela 05	109
MIGUI	CB Ribadeo	54	RAFA	E. Azul	99	ALEJANDRA	Ensino	11	LUCÍA	Ensino	65	JORGE	Ensino	109
DIEGO	Estudiantes	53	SEBAS	Ensino	98	MARINA	CB Ribadeo	10	PATRICIA	E. Azul	64	NICANOR	CB Viveiro	102
BRAIS	CB Viveiro	52	SERGIO	Estudiantes	98	MENCÍA	Ensino 2	9	LIAN	E. Rojo	63	RAMI	Ensino	100
ROI	CB Ribadeo	51	MARTÍN	S. Ciprián	96	ROSALÍA	Ensino 2	8	CARLA	Estudiantes	63	NICO	Ensino	98
CARREIRA	CB Ribadeo	50	DURÁN	E. Azul	89	UXÍA	Ensino	6	BEA	E. Azul	61	SABELA	Burela 05	91
SEVE	Estu 2	49	ÁLEX B.	E. Rojo	88	LUCÍA M.	Ensino 2	4	ADRIANA	E. Rojo	60	CARMEN	Estudiantes	91

Primeira vitoria de Hierros na segunda fase

6-18 no último parcial para remontar en Riazor nun partido con moitos altibaixos

44	54		
ESCLAVAS	H. FERREIRO		
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Legaspi		Mario	7
García		Juan	7
Losada		Adrián	14
Gómez		Miguel	
Rodríguez		Julían	
Vaamonde		Martin	9
Arrojo		Mateo	
Chico		David	2
Vigo		Alex	2
Rocha		Dani	19
		Pablo	

“Tuvimos una buena reacción al final del encuentro que nos dio la victoria, pero tenemos muchas cosas que mejorar”

OSCAR ENGRUBA Hierros Ferreiro

Á terceira foi a vencida, xa que no terceiro encontro da segunda fase Hierros Ferreiro estreou a conta de vitorias. Os de Óscar Engroba fixérono ante o teórico rival máis asequible deste grupo, Esclavas da Coruña, nun partido con moitos altibaixos no xogo e que terminou desvelando Hierros ao seu favor no último cuarto cun parcial de 6-18.

Ata entón, as sensacións foran moi boas ao comezo do encontro, con bos ataques e xogo fluído para tomar as rendas no marcador, 11-18.

No segundo cuarto, coincidindo cos minutos de descanso de Dani, Hierros Ferreiro sufriu un apagón ofensivo que desencadeou nun segundo parcial de 14-3 que deixou o marcador ao descanso en 25-21.

Na segunda parte Adrián tirou do equipo, propiciando a reacción lucense a imprimindo carácter a un equipo que subiu a liña de presión, forzou perdas de balón e con iso anotou con facilidade en rápidas transicións.

O terceiro cuarto terminou con 13-15, polo que aos dez últimos minutos Hierros Ferreiro chegou dous abaixo. Os de Óscar Engroba déronlle continuidade ás boas sensacións do terceiro período ante un Esclavas incapaz de manter o ritmo e a esixencia, polo que viu como os lucenses se alzaban coa vitoria cun último parcial de 6-18.

Premio tras dúas prórrogas

ESTUDIANTES DEBUTOU NA SEGUNDA FASE CON VITORIA tras rematar coa resistencia de Novobasket nun épico partido con final feliz para os de Javi Peinó

104	98		
ESTUDIANTES	NOVOBASKET		
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Sergio	11	Freire	
Elou	5	Argón	
Jorge	16	Alonso	
Iker		Vázquez	
Anxo	7	Rivas	
Álvaro	19	López	
Ollolqui	15	Coutado	
Dani	15	De Dios	
Durán	2	Gongora	
Pedro	11	Iglesias	
Lucas	3		

Estudiantes e Novobasket abríron a segunda fase. Este foi o primeiro e único encontro que se disputou ata a data na loita polo título galego, xa que os outros tres partidos foron aprazados.

Ambos equipos presentáronse na segunda fase con tres vitorias e tres derrotas. Un desempate que custou un mundo romper, xa que o partido foise ata dous prórrogas para terminar dando a Estudiantes como vencedor.

Os 50 minutos de xogo tiveron de todo. Picos bos e malos de ambos equipos e sobre todo un gran acerto no tiro exterior no tempo extra, con ata 7 triplas na primeira prórrega.

De saída a Estudiantes custoulle meterse en dinámica de partido, o rebote defensivo era unha dor de moas continuo xa que os visitantes dispoñían de segundas e ata terceiras opcións de tiro á vez que os lucenses non conseguían meterlle un ritmo de xogo alto ao partido.

Ao descanso chegouse con 33-39 no marcador, mentres



Sergio nun encontro da primeira fase. O celeste foise ata os 11 puntos no partido contra Novobasket

“A pesar de haber sacado el partido y demostrar un gran carácter como grupo hasta el final, tenemos muchas cosas que mejorar”

JAVI PEINÓ Estudiantes

que na segunda parte Estudiantes conseguiu a duras penas, manterse no partido e forzar a primeira prórrega cun parcial no último cuarto de 19-14.

A primeira prórrega estivo

7

TRIPLAS NA 1ª PRÓRREGA O recital dende a liña de tres puntos no primeiro tempo extra desencadeou en catro triplas de Estudiantes e tres de Novobasket para un resultado de 16-16 nos primeiros cinco minutos de engadido

14-8

SEGUNDA PRÓRREGA Estudiantes puido controlar o rebote defensivo, evitou segundas opcións do seu rival e en ataque o xogo foi fluído para alzarse cunha primeira vitoria que se fixo de rogar

marcada polos triplas, catro por Estudiantes e tres por Novobasket. A cinco segundos para o final os lucenses gañaban de dous e con balón, pero unha perda propiciou que Novobasket levase o partido á segunda prórrega. Nos cinco minutos extra

Estudiantes, por fin pechou o rebote e non concedeu segundas opcións, o que permitiu que os de Javi Peinó atacasen tamén mellor para alzarse coa vitoria nun partido de poder a poder co que se iniciou o Galego cadete masculino.

Plácido debut para o Ensino no Galego

ALLARIZ presentouse na segunda fase co peor rexistro de todos os equipos

74		44	
ENSINO		ALLARIZ	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Maite	17	Donarco	
Sabela	4	Robledo	
Nerea	6	Fidalgo	
Nuria	21	Simón	
Natalia	14	Cid	
Any	6	González	
Lucia	6	Fernández	
Mencia		Rodríguez	

“Disputamos un gran partido en equipo a lo largo de los cuarenta minutos de juego” ADRIÁN GONZÁLEZ Cafés Candelas Ensino

cións dun Ensino que promete dar moita guerra nesta competición. A defensa lucense secou ao seu rival e en ataque o Ensino puido correr, cometeu poucos erros e cun xogo fluído e xeneroso en ataque conseguiron anotar con moita facilidade.

Coa fiabilidade por bandeira chegouse ao descanso cun marcador de 38-19 que podería desencadear nunha certa relaxación. Con todo, a intensidade foi alta ao longo dos segundos corenta minutos nos que o Ensino ata probou sistemas de xogo distintos en situación real de partido de cara a próximos encontros.



Natalia a piques de facer un pase nun partido xogado no Anexo

3

VITORIAS suma o Cafés Candelas Ensino nesta segunda fase. Dúas coas que se clasificou dende a primeira e unha tras debutar con triunfo ante Allariz no Anexo



O Ensino competiu

O baloncesto lucense debutou nunha minicopa feminina da man do Ensino

VITORIA foi o epicentro do básquet nacional cunha organización espectacular da Copa da Raíña

O baloncesto feminino continúa en auge e unha nova proba diso foi o vivido en Vitoria ao longo de tres días nos que se respirou baloncesto polos catro custados. Unha cidade envorcada co baloncesto que conseguiu encher pavillóns para presenciar o desenlace da competición dos equipos sénior. Pero a antesala foi a Minicopa, na que participaron 13 equipos que representaron aos conxuntos que compiten na máxima categoría do baloncesto nacional, a Liga DÍA.

Por primeira vez un equipo lucense tivo a oportunidade de acudir a esta competición, nesta ocasión denominada Txiki Kopa. A volta do Durán Maquinaria Ensino á élite co ascenso da pasada tempada é moito máis que competir ao máximo nivel, cos mellores equipos nacionais e europeos. Abre portas para todos, e esta vez en concreto para que a canleira do baloncesto lucense puidese vivir unha experiencia única e irrepetible.

O Ensino presentouse en Vitoria cun equipo formado por doce xogadoras do club e catro invitadas. Dous de Estudiantes Lugo, Marta Fernández e Sara González, e outras dúas de Peleteiro, a monfortina Carmen Suárez e a súa compañeira Marta Sanmartín.

No meramente competitivo o Ensino disputou catro encontros e finalizou en novena posición. Os tres primeiros corresponderon á fase de grupos.

O debut foi ante Valencia, con derrota 40-76 e coa xogadora de Peleteiro Marta Sanmartín como MVP ao anotar 17 puntos, 5 rebotes para asinar 18 de valoración.

Unha vez soltados os nervios do debut, xa que o Ensino abriu a competición ante Valencia, chegou a quenda de medirse no segundo encontro a Ibaeta para asinar unha histórica primeira vitoria, 52-48 nun partido no que o Ensino dominou nos primeiros

GRUPO A



SEDIS BASKET



UNI GIRONA



GERNIKA

GRUPO B



CASABLANCA



AL QÁZERES



ZAMARAT

GRUPO C



ARASKI



AVENIDA PERFUMERÍAS



BAXI FERROL

GRUPO D



ENSINO



VALENCIA B.



GUIPUZKOA



SANT ADRIÁ

RESULTADOS DO ENSINO

ENSINO 40-76 VALENCIA CB

ENSINO 52-48 IBAETA

SANT ADRIÁ 94-20 ENSINO

BAXI FERROL 26-82 ENSINO

“Estoy encantado con la lucha y la entrega de cada una de las niñas. Fue un Torneo espectacular en el que tuvimos un grupo muy complicado pero seguro que nos sirve a todos para mejorar. Lo más importante lo conseguimos con creces y era el disfrutar de esta experiencia”

AIGOR ROMO Ensino Lugo

minutos 20-12 no primeiro cuarto, e sentenciouno no último 15-11 tras chegar con empate, 37-37, aos derradeiros dez minutos. A MVP deste encontro foi a xogadora de Estudiantes, Marta Fernández, con 24 puntos, 7 rebotes, 4 asistencias e 31 de valoración.

O pase á loita polo título decidíase no terceiro encontro. Pero o rival era o menos indicado, ao medirse con San Adriá, que sería o campión do torneo. O dominio físico do conxunto catalán deixou sorprendidos a todos ao longo da fin de semana e o Ensino viviu no primeira persoa cun 94-20.

A mellor nova a nivel competi-

tivo fíxose de rogar xa que foi o último encontro no que o Ensino mediuse no derbi galego con Baxi Ferrol. As lucenses, xa soltas do todo, exhibíronse e despediron a competición coas mellores sensacións. O 26-82 é un fiel reflexo do sucedido na pista, coa monfortina Carmen Suárez como MVP ao anotar 20 puntos e 7 rebotes para un total de 27 de valoración.

Concurso de tripos

Unha das novidades do Torneo foi o concurso de tripos. A representante do Ensino nesta competición foi Laura Núñez.



cos máis grandes



PLANTILLA PORTA XI ENSINO



ANTIA LAMEIRO



CAROLINA FDEZ.



CARLA PAZ



CAROLINA QUIROGA



DANIELA LÓPEZ



EMMA MÉNDEZ



LAURA NÚÑEZ



LAURA VARELA



PAULA FDEZ.



RAQUEL LÓPEZ



SARA LÁZARO



ARIADNA VÁZQUEZ



SARA GLEZ.



MARTA FDEZ.



MARTA SANMARTÍN



CARMEN SUÁREZ



Adestrador - AIGOR ROMO

Torneo Benvido 2019

O PORTA XI ENSINO organizou o xa tradicional campionato e alzouse co título cadete masculino

Malia o parón das competicións regulares polo Entroido, o baloncesto encheu tamén esta fin de semana o Pazo Provincial dos Deportes e as pistas anexas. O Porta XI Ensino organizou alí o torneo de baloncesto base Benvido 2019, que reuniu uns 350 xogadores e xogadoras da base galega.

O campionato reuniu un total de trinta equipos das categorías benxamín, alevín, infantil e cadete. Os conxuntos do club anfitrión e mais os de Cidade de Lugo foron os representantes do basket provincial nun cartel con clubs de referencia como Compañía de María, Costa Ártabra, Montrove, Basquet Coruña, Uni Ferrol e Arteixo completaron o cartel desta nova edición do Torneo Benvido.

Ensino, campión cadete masculino

Os ensinistas quedaron co torneo na categoría cadete masculina despois de gañar con comodidade os dous partidos disputados contra os seus rivais. Compañía de María e Costa Ártabra. Foi o único equipo lucense que conseguiu alzarse cun trofeo. O dominio coruñés no elenco de participantes reflectiuse tamén na nómina de gañadores.

Compañía de María

350

PARTICIPANTES repartidos entre os trinta equipos que acudiron á chamada do club lucense para manter a máxima actividade posible durante o parón das competicións polo entroido

2

EQUIPOS LUCENSES

o Cidade de Lugo e o organizador, o Ensino. Clubs de referencia no baloncesto base galego coma Compañía de María, Costa Ártabra, Montrove, Basquet Coruña, Uni Ferrol e Arteixo completaron o cartel desta nova edición do Torneo Benvido

fixose cos títulos en cadete feminino, infantil masculino e alevín masculino. Basquet Coruña alzouse co trofeo en infantil feminino, Montrove en alevín feminino e Costa Ártabra en benxamín mixto, a categoría con máis equipos disputando o torneo con seis conxuntos participantes.

Os equipos gañadores decidíronse cun sistema de liga no que todos

xogaron contra todos, alzándose co trofeo o que máis puntos acumulou.

Aposta pola base

Máis aló dos resultados, o club organizador puxo en valor a contribución do torneo a fomentar o deporte de base e a visibilizar o traballo coa canteira, "por eso fixemos o esforzo de realizalo en todas as categorías", apuntan desde a entidade, que ofrece aloxamento e manutención aos conxuntos que se desprazaron a Lugo.

Así, dende o Ensino apúntase que a celebración do torneo, nuns días sen competicións oficiais, permite "favorecer a relación entre os participantes, que comparten o mesmo interese polo baloncesto. Así, na noite do sábado, celebrouse unha cea na Residencia Universitaria Abeiro, na que xogadores e técnicos puideron compartir tempo e experiencias tamén fóra da pista.

Ademais, o campionato ofrece aos xogadores e xogadoras que se están formando "mellores aspectos técnicos e tácticos" e "desenvolver e consolidar hábitos de disciplina e traballo individual e en equipo".



Lara Méndez entregando ao trofeo a BBKA, campión benxamín mixto



Montrove, campión da categoría alevín feminino



Compañía de María alevín masculino foi o campión nesta edición



Basquet Coruña alzouse co título na categoría infantil feminino



Compañía de María tamén se proclamou campión na categoría infantil masculino



Compañía de María, campión cadete feminino do Torneo Benvido 2019



Ensino, campión cadete masculino, recolleu o trofeo de man da Alcaldesa de Lugo

Concentración Mini

OS NADOS ENTRE 2007 E 2009 TEÑEN MAÑÁ UNHA CITA con Álex Polo e Planet Mini

Mañá celébrase en Lugo a segunda concentración de Planet Mini, un proxecto formativo dirixido a xogadores e xogadoras nados entre o 2007 e o 2009. Tras o primeiro encontro celebrado en decembro, a organización aproveita o parón competitivo do Entroido para desenvolver a actividade na que, ademais de traballar aspectos relacionados co baloncesto na pista, se abordan temas que afectan ao desenvolvemento integral dos nenos e nenas.

A xornada comezará ás 10:00 horas no pavillón anexo ao Pazo dos Deportes, con adestramentos de técnica e táctica individual baixo a dirección do técnico lucense Álex Polo, entrenador superior en baloncesto, licenciado en INEF e con ampla experiencia no traballo de formación. Tras unha parada de descanso e un snack, a sesión matutina completárase con algúns exercicios tácticos para aplicar nos partidos que se disputarán pola tarde.

Rosalía de Castro, club invitado

No horario vespertino será o momento para poñer en práctica os aspectos abordados durante a mañá. Para iso, en cada concentración, participan equipos dun club invitado. Se na primeira cita fora o CD Origen Bierzo, referencia no traballo coa base na montaña lucense e na comarca leonesa, desta volta será o Rosalía de Castro de Santiago de Compostela.

Os equipos masculino e feminino da Primeira División de Minibasket, primeiros clasificados dos seus respectivos grupos, integraranse cos xogadores e xogadoras inscritos na concentración. Tras a recepción aos conxuntos composteláns, na Residencia Abeiro, a partir das 15:30 horas a actividade concentrárase de novo na pista do Anexo.

Primeiro, os equipos convidados disputarán encontros contra os combinados de Planet Mini, en formato de 4x4. Despois,

PLANET MINI

ANOS 2007, 2008 e 2009
dirixido por ALEX POLO

2ª CONCENTRACIÓN

06 MARZO

ANEXO PAZO DOS DEPORTES DE 10:00 A 19:00 HORAS

15 € CONCENTRACIÓN + 5 € de MATRÍCULA
só na Primeira Concentración á que se acuda

Inscripcións e + Info:
planetminilugo@gmail.com
@PlanetL

- ★ ADESTRAMENTOS TÉCNICOS
- ★ COMIDA E AUGA INCLUIDAS
- ★ COMPETICIÓN CONTRA CLUBES CONVIDADOS
- ★ AGASALLO DE ROUPA DEPORTIVA
- ★ PRAZAS LIMITADAS

os xogadores competirán mesturados, en equipos definidos en función dos niveis e das idades, seguindo o criterio dos adestradores.

Un dos obxectivos cos que se concebiu Planet Mini foi o de ofrecer a toda a base lucense a oportunidade de participar dunha metodoloxía

de traballo e dunha oportunidade competitiva de primeiro nivel, independentemente da categoría na que compiten cos seus clubs.

As actividades no Anexo concluírán ás 19:00 horas.

Charla para as familias A xornada completárase cunha actividade

paralela especialmente dirixida ás familias pero aberta a todo o público, nela abordaranse algunhas das cuestións que se formulan á hora de iniciar aos seus fillos e fillas no baloncesto.

Trátase dunha charla coloquio baixo o título "Mi hij@ empieza a competir. Cómo enfocarlo", que se

desenvolverá a partir das 20:00 horas no Salón de Actos da Deputación de Lugo.

No relatorio abordárase desde distintas perspectivas a forma ideónea de introducir aos máis pequenos na competición. Na mesa, moderada por Álex Polo, intervirán tamén David Martínez, seleccionador

gallego mini feminino, Luis Abel Taboada, coach deportivo, Daniel Illán, árbitro de baloncesto, e Arsenio Chapela, pai do xogador Adrián Chapela, un dos canteiráns máis destacados do baloncesto lucense nos últimos tempos.

A entrada aos Salón de Actos do Pazo de San Marcos será libre e gratuita.



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

Axudas Deporte

A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO apoia ao Club de Remo Ribadeo cunha achega de 14.000 euros para gastos competitivos e facilita tamén os adestramentos no interior



O Presidente da Deputación de Lugo, Darío Campos Conde, mantivo un encontro cos deportistas do Club de Remo de Ribadeo nas instalacións da Casa das Algas para avanzar as novas colaboracións do Executivo Provincial coa entidade deportiva mariñá. No acto tamén participou o Presidente do club, Miguel Balsa Lombardero. Darío Campos explicou na xuntanza que mantivo co club mariñao que "achegamos un total de 14.000 euros ao club para contribuír a sufragar os gastos derivados da tempada, así como a compra de 10 ergómetros cos que facilitar o adestramento no interior das instalacións, sen que a meteoroloxía ou as mareas supoñan un impedimento para a práctica deportiva dos compoñentes do club".

Ainda que naceu hai só 5 anos, o club leva colleitados numerosos éxitos grazas aos 24 rapaces e rapazas que participan nel en diferentes probas. Algúns dos máis destacados foron as 6 medallas na 13ª Regata internacional Ponte Amizade que se celebrou en Vilanova de Cedeira, Portugal; ou a terceira posición no Campionato de España de Larga Distancia, disputado en Castrelo de Miño este mesmo febreiro, que conseguiron Nerea Lago e María Coriña na categoría Cadete; Nerea Lago tamén se proclamou en xaneiro campioa Galega e de España de remoergómetro na súa categoría en torneos celebrados en Coruña e Ourense, respectivamente.

O Presidente da Deputación de Lugo lembrou

"Estamos comprometidos co deporte e cos nosos deportistas, independentemente da modalidade que practiquen. Por iso, somos a administración galega que máis inviste neste ámbito na provincia de Lugo"
Darío Campos, Presidente da Deputación de Lugo

O Executivo Provincial colabora coa entidade ribadense para sufragar os gastos derivados da tempada e a compra de 10 ergómetros para o adestramento no interior

O club conta con 24 rapaces e rapazas de entre os 10 e 18 anos que acadaron numerosos éxitos deportivos en campionatos provinciais, galegos, nacionais e internacionais

que "dende o Goberno da Deputación estamos comprometidos co deporte e cos nosos deportistas, independentemente da modalidade que

practiquen. Por iso, somos, con diferenza, a administración galega que máis inviste neste ámbito na provincia de Lugo".



A DEPUTACIÓN
DE LUGO
CO DEPORTE

